CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A FUNDACIÓN *SANTIAGO APÓSTOL DE CIENCIAS SOCIALES*, ENTIDADE XURÍDICA TITULAR DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL, E A ASOCIACIÓN DE INICIATIVA SOCIAL "BERCE", PARA A REALIZACIÓN DO PRACTICUM DAS TITULACIÓNS DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE TRABALLO SOCIAL

REÚNENSE:

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Juan José Casares Long, Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 99/2010, de 17 de xuño (DOG 24/06/2010), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 28/2004, de 22 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

~~Doutra~~ Dª Teresa Facal Fondo, con DNI nº 32.748.615L como Delegada da Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales e Directora da Escola Universitaria de Traballo Social (EUTS), Centro Adscrito á USC, con domicilio na Praza da Inmaculada, nº 5- 3ª planta, código postal 15704 de Santiago de Compostela, e con CIF G15666514.

E doutra D. Miguel Ángel Yagüe Poncela con DNI 09.306.908 G en calidad de Presidente de la **Asociación de Iniciativa Social BERCE** y con la capacidad de obrar suficiente que me otorga el Poder Notarial (Nº 2825) elevado a publico con fecha 23 de noviembre de 2004 por Don José Antonio Somoza Sánchez, Notario de Vigo, con CIF G 36788081 e enderezo Avda. Castelao 65 ático, 36209 Vigo Pontevedra.

Todas as partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos,

MANIFESTAN:

I. Que a USC, como prestadora do servizo público da educación superior, realiza actividades de docencia, investigación e desenvolvemento científico e técnico.
II. Que, por iso, ten a vontade de potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas na Asociación de iniciativa social BERCE coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado.
III. Que a Asociación de iniciativa social BERCE ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado da USC.
De acordo co anterior, a USC, a EUTS e Asociación de iniciativa social BERCE acordan asinar un convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

1 Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre as partes de cara a unha adecuada programación, desenvolvemento de prácticas tuteladas do alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social nas dependencias da Asociación de iniciativa social BERCE

2 Obxecto das prácticas

O obxecto do convenio será establecer unha relación efectiva entre todas as partes co fin de que o alumnado da Escola Universitaria de Traballo Social poida realizar prácticas -no marco da materia de Practicum dos seus plans de estudios- nos programas, proxectos, actividades e servizos da Asociación de iniciativa social BERCE

O contido das prácticas axustarase ao que se detalle no plano de prácticas correspondente a cada alumno/a. A tal fin a EUTS presentará ao titor responsable do alumno/a o programa de prácticas a realizar por éste. Poderase facer unha revisión da programación, se fora necesario, unha vez iniciado o período de prácticas.

3 Número de prazas

O número de prazas que se convocarán para realizar prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a EUTS.

4 Período de realización das prácticas

As prácticas que son obxecto deste convenio veñen determinadas polas características da materia "Practicum" do Plan de estudios correspondente.

O proxecto formativo de prácticas figura no anexo I que acompaña ao presente convenio, e de mutuo acordo poderánse engadir ou modificar contidos con posterioridade á sinatura deste convenio.

5 Número de horas e créditos que se recoñecerán

No caso do alumnado do Grao en Traballo Social computarase un crédito ECTS por 25 horas de prácticas, sen poder superar 518 horas de prácticas en institución das 550 horas establecidas no plano de estudo do Grao para o Practicum.

Estes créditos recoñeceranse como obrigatorios tal e como se establece no plano de estudo do Grao en Traballo Social.

6 Titores/ras responsables e órgano universitario responsable

A Comisión de Título, para cada un dos períodos e prazos das prácticas que se convoquen, nomeará as persoas, por parte da EUTS e da institución/empresa, que actuarán como titores .

7 Selección dos alumnos

A Comisión de Título seleccionará as persoas que van realizar as prácticas consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.

8 Obrigas do alumnado

Os/as estudantes en prácticas deberán cumprir e respectar o sistema organizativo da empresa ou entidade, a garda e o debido sixilo respecto dos asuntos que coñezan no desenvolvemento das

prácticas. O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas e o exercicio de accións disciplinarias, según o establecido na normativa da USC e no Regulamento do Practicum da EUTS.
O alumnado en prácticas asinará os documentos relativos ao compromiso de gardar a confidencialidade, de respectar a organización e funcionamento da entidade, de non ter relación de parentesco con persoas da entidade, e calquera outro documento establecido no regulamento do Practicum da EUTS.

9 Memoria das prácticas
Ao remate do período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado

.

10 Procedemento de avaliación
A avaliación das prácticas realizaraa a EUTS a través do titor/a á vista da devandita memoria e do informe do titor/a de prácticas da entidade colaboradora. Soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia non excede do 10% das horas programadas.
A actividade desenvolvida polos alumnos en todo momento será apoiada ou orientada por un traballador social dependente da Asociación de iniciativa social BERCE, designado a tal efecto polo responsable do centro ou servizo correspondente.

11 Certificación da entidade
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación favorable, a empresa ou entidade colaboradora emitiralle a cada un dos alumnos que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que das prácticas realice a EUTS.

12 Relación coa entidade
O feito de que o alumnado realice prácticas nunha entidade colaboradora non supoñerá ningún tipo de relación laboral con ela nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
Aqueles estudantes que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Ademais teñen a cobertura de Responsabilidade Civil con póliza 096 0270029475 xestionada por Correduría Silva y Zamora (Rúa República do Salvador, 8, 3º. Santiago de Compostela).

13 Obrigas da USC e a EUTS
A USC e a EUTS non achegarán financiamento adicional polo feito de asinar este convenio. De ser o caso, deberá figurar expresamente qué créditos se destinarán ó seu cumprimento.

14 Comisión de Seguimento
Para o seguimento do convenio establecerase unha comisión integrada por un membro de cada unha das entidades asinantes. Pola USC, participarán a Vicerreitora de Titulacións e Persoal Docente e Investigador ou persoa que designe, pola EUTS a Directora da Escola Universitaria de Traballo Social, e por parte da entidade colaboradora, a persoa que esta designe.

Esta Comisión comprométese a cumprir os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- Formular as propostas sobre o número de prazas de cada convocatoria para a realización de prácticas formativas correspondentes a cada curso académico, de acordo cos criterios e normas que se establezan oportunamente.
- Propoñer ao reitor o nomeamento tanto do titor responsable na empresa, como por parte da EUTS, para cada un dos prazos ou períodos nos que se convoquen as prácticas.
- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas tuteladas.

A comisión realizará as reunións que considere oportunas para avaliar o progreso formativo do estudantado e resolver as cuestións que xurdan no desenvolvemento dos programas.

Para a regulación dos aspectos non especificados neste convenio e que poidan afectar o desenvolvemento das prácticas preprofesionais, ambas as partes poden crear un procedemento onde se especifiquen estas cuestións.

15 Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoas alleas á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizará ou dispoñerá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as prácticas respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de confidencialidade antes citado.

De acordo co expresado no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, non será considerado comunicación nin cesión de datos o acceso por parte da Asociación de iniciativa social BERCE aos datos de carácter persoal dos ficheiros da EUTS e a Universidade de Santiago de Compostela, xa que dito acceso e o correspondente tratamento, é necesario para a realización de prácticas por parte do alumnado da EUTS e a avaliación das mesmas.

A Asociación de iniciativa social BERCE será considerado como "encargado do tratamento", e unicamente tratará os datos seguindo a finalidade expresada no presente acordo, non os utilizará con fin distinto ao que figura no pactado entre as partes, nin os comunicará a outras persoas.

A Asociación de iniciativa social BERCE comprométese a adoptar e implantar as medidas técnicas e organizativas de seguridade a que se refire o artigo 9 da Lei Orgánica 15/1999, e en particular, as correspondentes ao nivel básico establecidas no Real Decreto 1720/2008, de 21 de decembro.

A Asociación de iniciativa social BERCE dará a coñecer e esixira o cumprimento, ao persoal da súa entidade que realice os servizos, das obrigas contidas neste acordo. De calquera xeito, a Asociación de iniciativa social BERCE deberá advertir a ditos empregados o carácter confidencial da información contida nos ficheiros e da súa responsabilidade en caso de divulgala ilicitamente.

16 Entrada en vigor e vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor o día seguinte do seu asinamento e estará vixente durante dous cursos académicos. Prorrogarase automaticamente por cursos académicos sucesivos se ningunha das partes o denuncia de xeito expreso, avisando con tres meses de antelación.

En calquera caso o convenio non poderá rescindirse no caso de que haxa alumnos/as seleccionados/as para realizar un período de prácticas, mentres non rematen estas.

17 Xurisdición

A Asociación de iniciativa social BERCE, a USC e a EUTS comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente acordo. No seu caso, as partes contratantes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orden á interpretación ou cumprimento do presente Convenio á xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter público da Universidade.

Cláusula coa normativa aplicable

- R.D. 1707/2011, de 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- R.D. 1497/1987, de 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns dos plans de estudo dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado polo R.D. 1267/1994 do 10 de xuño.
- R.D. 1393/2007, de 29 de outubro, modificado por RD 861/2010, polo que se establece o ordenación das ensinanzas universitarias oficiais
- Plano de estudo do Grao en Traballo Social. (BOE 3 de marzo de 2011)
- Normativa de prácticas externas en empresas e institucións aprobada polo Consello de Goberno da USC o 30 de maio de 2008.

En proba da súa conformidade, as partes asinan o convenio no lugar e na data que se indican más abaixo.

Santiago de Compostela, a 29 de maio de 2012

POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Por delegación do Sr. Reitor (RR do 01.08.2011, DOG do 18.08.2011) A Vicerreitora de Titulacións e PDI	EUTS,	POLA ASOCIACION BERCE
Carmen Fernández Morante	Teresa Facal Fondo	Miguel Ängel Yagüe Poncela